

Orde do 28 de maio de 2014 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2014/2015 (DOG núm. 102 do 30 de maio de 2014)

Requisitos:

- Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación secundaria obrigatoria nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2014/2015, e non repetir curso neste ano académico.
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.

Lugar de presentación:

- As solicitudes (*Anexo I*) entregaranse, preferentemente, no centro docente en que estea matriculado o alumnado ou alumna, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- Presentarase unha solicitude por alumno/a matriculado/a, polo que se un solicitante ten varios fillos matriculados deberá presentar unha solicitude por cada un deles. As axudas serán solicitadas polos pais, as nais, os titores ou os representantes legais do alumnado.

Prazo de presentación:

Para o alumnado da ESO que formalice a matrícula no prazo ordinario (xuño/xullo): do **25 de xuño ao 28 de xullo**, ambos inclusive

Para o alumnado da ESO que formalice a matrícula no prazo extraordinario (setembro): do **2 de setembro ao 2 de outubro**, ambos inclusive

Xunto coa solicitude presentárase orixinal e copia desta documentación:

- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, no día **31 de decembro de 2012**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:
 - sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante
 - certificado ou volante de convivencia
 - informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33% ou inferior ao 65%, deberá achegarse o documento que acredite esta circunstancia. O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, só ten que presentar a certificación emitida polo órgano competente do grao de discapacidade xunto coa solicitude da axuda.
- No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa

Contía das axudas:

Famílias monoparentais	Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €	180 €
	Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €	104 €
Resto das familias	Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €	180 €
	Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €	104 €

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% percibirá un importe de 250 € de axuda, con independencia da renda per cápita familiar.

Obrigas dos beneficiarios

- O alumnado ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2014/2015 (xuño ou setembro, segundo o caso), a un **fondo solidario que se constituirá no centro** (banco de libros), co fin da súa reutilización.

Renda per cápita familiar:

- ▶ Enténdese por **renda per cápita familiar**, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.
- ▶ Nesta convocatoria terase en conta a situación familiar e persoal en **31 de decembro de 2012 e o exercicio fiscal 2012** para os efectos de determinar a renda per cápita familiar
- ▶ A **renda familiar** obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2012, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros **455** (base imponible xeral) e a **465** (base imponible do aforro) da declaración. No caso de non presentar a declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.
- ▶ Para os efectos do cálculo da renda per cápita, **computarán por dous** os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que demostren a percepción dunha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- ▶ Nos casos de violencia de xénero quedarán excluídos do cómputo os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.
- ▶ Respecto do solicitante, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesourería Xeral de Seguridade Social e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, será necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o anexo I e indicar o seu NIF/NIE. A persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación acreditativa.
- ▶ Para a acreditación dos datos de carácter persoal que figuren no documento de identidade as persoas solicitantes prestan o seu consentimento expreso para a comprobación por medio de acceso telemático ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e para tal fin asinan o anexo I. Os demais membros da unidade familiar tamén autorizan a consulta dos seus datos; en caso contrario, terán que presentar copia do DNI ou NIE.
- ▶ No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co causante, deberá acreditarse documentalmentemente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e a rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Determinación da unidade familiar:

- ▶ Considérase que conforman a unidade familiar con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2012:
 - Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor
 - Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados
 - Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada
 - Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar
- ▶ Non se terán en conta os fillos ou fillas nados, adoptados ou acollidos despois do 31 de decembro de 2012.
- ▶ Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmentemente mediante o correspondente volante ou certificado de convivencia
- ▶ No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase mediante certificado de defunción.
- ▶ Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor. No caso de custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Finalidade das axudas

- ▶ Adquisición exclusivamente de libros de texto, salvo o alumnado matriculado en educación especial, así como aquel que teña recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 65%.